



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 30 DE MARZO DE 2017

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO da Corporación** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **30 de marzo de 2017 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 26 de xaneiro de 2017.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 9 de febreiro de 2017.
- 3.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 23 de febreiro de 2017.
- 4.- Aprobación da compatibilidade solicitada por don Iván Patiño Romero para desenvolver un segundo posto de traballo no sector privado.
- 5.- Moción presentada polo partido político da CIPa sobre a dotación ás prazas da vila de elementos escultóricos.
- 6.- Moción presentada polo partido político da CIPa instando melloras nos paseos fluviais e na área de lecer da desembocadura.
- 7.- Moción presentada polo partido político de VECIÑOS sobre vertedoiros ilegais no río Ulla e no río Sar.
- 8.- Moción presentada polo partido político da CIPa sobre o entroido tradicional na parroquia de San Pedro de Carcacía.
- 9.- Moción presentada polo partido político da CIPa sobre a restauración do retablo da ermida do lugar de Bandín, parroquia de San Pedro de Carcacía.
- 10.- Moción presentada polo partido político de AxP sobre a Biblioteca municipal.
- 11.- Moción presentada polo grupo político do PSdeG-PSOE relativa ao uso das zonas deportivas dos CEIP.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

- 12.- Dación de conta das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola intervención municipal. Reparos 1-4/2017.
- 13.- Dación de conta do informe da morosidade: 4 trimestre 2016.
- 14.- Dación de conta dos Decretos do Alcalde do número 084/2017 ao número 214/2017.
- 15.- Mocións de urxencia.
- 16.- Rogos e preguntas.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)